



## HYDE CASINO, a novo pop-psicodelico

**MEETING POINT** supón un dos máis brillantes e sorprendentes debuts dos últimos tempos. É o primeiro CD de **HYDE CASINO**, grupo procedente de Santiago de Compostela que *“representan a nova psicodelia galega”* (El Maketón – 40 Principales Vigo) e que coas súas guitarras duras e distorsionadas achegan unha nova dimensión ao seu son: *“Intentamos fuxir de etiquetas, simplemente escoitamos e facemos música”*. Gravado en **Abrigueiro Estudios** e Estudio 17 baixo a produción de **Arturo Vaquero** e Hyde Casino.

No disco destacan temas como **“Dr. Hyde”** (1º single) do que fixeron o seu primeiro videoclip; **“Magazine Woman”**; **“Boss Curse”** ou **“Rescue”**.... imposible ficar só con unha. Cantan en inglés, o que lles vai facilitar a súa entrada no resto de Europa, EE. UU. e Xapón como xa ten ocorrido con outros grupos de Flor y Nata Records.

**“Magazine Woman”** é unha emocionante versión do gran éxito de 1968 de Gary Walker & The Rain como a do **“Fend & Seek”** que sorprenderá o mesmísimo Graham Day, o seu autor.

**Artefacto Producciones** encargouse da produción do videoclip e da portada do CD.

Despois de teren acumulado experiencia en bandas anteriores, **HYDE CASINO** xuntáronse en decembro de 2006. Sen variacións desde o principio, son Fer (voz e guitarra), Juan Yeyé (batería e coros), Gon Gurú (baixo) e Xulio Lens (teclados). Malia que foxen de autoetiquetarse, a crítica coincide en que as súas fontes están na psicodelia británica: *“Procuran os alicerces da súa música no rock’n’roll para remexer todo con boas doses de psicoledia dos sesenta. Deben ter escoitado The Who, os Rollings e The Doors, non hai dúbida.”* (Vinilo Valencia).

### As súas maquetas xa se escoitaron en Radio 3

Na súa máis recente xeira como grupo de maquetas, aínda co nome de **“Dr. Hyde”**, conseguiron chamar a atención de **Julio Ruiz** que os incluíu na programación de Radio 3 e de **Pilar Arzak** que gabou a súa canción **“Rescue”** (incluída en **Meeting Point**) no seu programa **“Peligrosamente Juntas”**, tamén de Radio 3. Dúas das cancións das súas antigas maquetas saíran tamén este 2008 no recompilatorio **“Megatón Ye Yé”** Vol. 12”.

**MEETING POINT** é o punto de partida dunha carreira que se anticipa brillante, intensa e chea de boas cancións, estas 10 son só o comezo. E ti, ¿valo deixar pasar?

[promo@florynatarecords.com](mailto:promo@florynatarecords.com)

[www.myspace.com/florynata](http://www.myspace.com/florynata)  
[www.myspace.com/florynatarecords](http://www.myspace.com/florynatarecords)  
[www.florynatarecords.com](http://www.florynatarecords.com)

PVP (aconsellado): 11 €



[slagbox@gmail.com](mailto:slagbox@gmail.com)

[www.myspace.com/hydecompostela](http://www.myspace.com/hydecompostela)

FyN-30  
8435015509958

( distribuye : [www.discmedi.com](http://www.discmedi.com) )

Sala Nasa  
La Fábrica de Chocolate +THE URGES  
Videoclip “Dr. Hyde”

Santiago de Compostela (A Coruña)  
Vigo (Pontevedra)

[www.youtube.com/watch?v=wRcGz50U6w4](http://www.youtube.com/watch?v=wRcGz50U6w4)

27/03/08 – 22 h. 30 m.  
29/03/08 – 22 h.